

## ACTA N° 54/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2009**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

D. Arturo González Pérez.

D. Daniel Rodas Chapela.

D. Valentín Piñeiro González

D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 21 de decembro de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Non se presentan actas a aprobación.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 108/08 – D. CÁNDIDO PENA PAZ** presenta proxecto básico para a construción de vivenda unifamiliar no lugar do Outeiro, do barrio do Cruceiro, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez visado na data 11.03.2008.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 15 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** BASICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR

**INFORME TÉCNICO:** Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución  
O proxecto queda corrixido no seu plano número 1 por outro con data de visado de 2/12/2009.  
No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 29 de setembro do 2008 para Ordenanzas 2.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Cultura e Turismo

Cédese 16,65M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 222,71 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 828,19 m/2

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	2.519,00 €
Taxas licenza urbanística.....	314,87 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros.....	180,00 €

**2.B) EXPTE. 207/08 – TENDIDOS MONCOSA, S.A.** presenta solicitude, memoria descritiva e planos para licenza municipal de obras para canalización de rede subterránea de tendido eléctrico de 47 + 2 ml, na rúa Ramón Cabanillas e Calaxón de Paz, do barrio da Seara, de conformidade coa documentación presentada por encargo de Promocións O'Alboio e Unión Fenosa, S.A.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** CANALIZACIÓN DE REDE SUBTERRANEA DE TENDIDO ELÉCTRICO.

**INFORME:** Procede licenza.

Non require informes sectoriais.

No expediente consta estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	33,16 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

**2.C) EXPTE. 161/09 – TENDIDOS MONCOSA, S.A.**, representado por D. Serafin Piñeiro Camiña, presenta proxecto de instalación de LMTS. CT. Ramón Cabanillas, 164 (Nº SGD 248308010034) no barrio da Praia, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Rubén Menéndez Fernández, vsiado o día 12.03.2009.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 15 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** LMT, CT RAMÓN CABANILLAS, 164  
**INFORME:** **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.  
No expediente consta estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	196,01 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

**3.- OBRAS MENORES**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 225/09, D. ALBERTO RODRÍGUEZ SANTIAGO** solicita licenza para a **construción de muro de cerramento** de propiedade de 8,65 m/l e dunha altura variable de 2 m como máximo, situado en Pozo Negro, 57 A, O Redondo, a base de bloque de formigón e chapeado en pedra, cun portal de acceso de 3,60 m de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 15 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:**PECHE (OBRA MENOR)  
**INFORME:** **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.  
Retranqueo coincidente coa acta de replanteo a cal fixa a cesión correspondente a vía pública.  
Altura máxima a partir da rasante non superará os dous metros.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	145,60 €
Taxas licenza urbanística .....	65,00 €

**3.B) EXPTE. 230/09, D. MANUEL CARBALLO CHAPELA** solicita licenza de obras para a **construción dun muro de cerramento** a lindantes, nun terreo da súa propiedade, situado no Pedroso-Sabaceda, de conformidade co croquis presentado. Lonxitude: 56,00 ml, altura: 2/1 ml; superficie 81,00 m<sup>2</sup>. Orzamento das obras: 960,00 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:**PECHE (OBRA MENOR)  
**INFORME:** **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

As dimensións do cerramento serán os consignaados na documentación presentada.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	47,72€
Taxas licenza urbanística .....	65,00 €

### **4.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURAS**

#### **4.A) EXPEDIENTE 40/09 – D.<sup>a</sup> MARÍA BELÉN BOUBETA CRUZ**

Vista a instancia presentada o día 24 de novembro de 2009 por Dona MARÍA BELÉN BOUBETA CRUZ na que expón que O MUELLE, CB.que explotaba a actividade de venda de revistas e xornais no kiosko situado no muelle estaba formada por dúas sociais e quedou unha delas coa titularidade do negocio. Solicita o cambio de titularidade da licenza e achega copia da compravenda de participacións e disolución da C.B., alta censa, e copia do acordo de concesión da licenza de apertura.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 17 de decembro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 17.12.09, en relación coa solicitude presentada por Dna. MARÍA BELÉN BOUBETA CRUZ, na data do 24.11.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de VENDA DE REVISTAS E PERIODICOS, sito na rúa Concepción Arenal, s/n, pertencente a KIOSKO EL MUELLE, C.B, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de VENDA DE REVISTAS E PERIÓDICOS, sito na rúa Concepción Arenal, s/n pertencente a KIOSKO EL MUELLE, C.B.**Xunta de Goberno Local de data do 06 de abril de 2001.**

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de **VENDA DE REVISTAS E PERIÓDICOS** sito na rúa Concepción Arenal, s/n, pertencente a **KIOSKO EL MUELLE CB**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 06.04.2001**, a favor de **D<sup>a</sup> MARÍA BELÉN BOUBETA CRUZ**.

#### **4.B) EXPEDIENTE 39/09 – D.<sup>a</sup> VERÓNICA NOGUEIRA CALVAL**

Vista a instancia presentada o día 15 de decembro de 2009 por Dona **VERÓNICA NOGUEIRA CALVAR** na que expón que causou alta no modelo 036/037 para un establecemento de peluquería na rúa Cruce da Guía, 190, Meira e que a anterior titular era **D.<sup>a</sup> FATIMA BERMÚDEZ VILLAR**, Solicita o cambio de titularidade da licenza e achega copia do contrato de arrendamento, e fotocopia das alta e baixa censal.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 15 de decembro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 15.12.09, en relación coa solicitude presentada por Dna.**VERÓNICA NOGUEIRA CALVAR**, na data do 23.11.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de **PELUQUERÍA**, sito na rúa A Guía, 190 - Meira, pertencente a Dna. Fátima Bermudez Villar, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de **PELUQUERÍA**, sito na rúa A Guía, nº 190, Meira, pertencente a Dna. Fatima Bermudez Villar, **Xunta de Goberno Local de data do 01 de xullo de 2002**.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de **PELUQUERÍA** sito na rúa A Guía, 190, Meira, pertencente a **D.<sup>a</sup> FÁTIMA BERMÚDEZ VILLAR** aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 01.07.2002**, a favor de **D<sup>a</sup> VERÓNICA NOGUEIRA CALVAR**.

#### **4.C) EXPEDIENTE 42/09 – D.<sup>a</sup> RELUCA POPESCU**

Vista a instancia presentada o día 15 de decembro de 2009 por **D.<sup>a</sup> RELUCA POPESCU** na que expón que é a nova titular do café bar sito no nº 113 do lugar de Vilela-Tirán, e solicita que se proceda ao cambio de titular. Achega fotocopia do IAE do antigo titular, fotocopia do contrato de arrendamento de local e fotocopia de licenza de apertura.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 15 de decembro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 15.12.09, en relación coa solicitude presentada por Dna.RELUCA POPESCU, na data do 21.05.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Vilela, 113 - Tirán, pertencente a Dna. Olga Rosendo Rios, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Vilela, nº 113, Tirán, pertencente a Dna. Olga Rosendo Rios, **Xunta de Goberno Local de data do 21 de xullo de 2002.**

### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR sito na rúa Vilela, 113-Tirán, 190, Meira, pertencente a **D.ª OLGA ROSENDO RÍOS** aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 21.07.2002**, a favor de **Dª RELUCA POPESCU**.

## **5- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

**5.A) EXPTE. 196/09, D.ª JOSEFA GAYO TENORIO** solicitou, o día 30 de setembro de 2009, licenza municipal de obra para a colocación de solado de terrazo rústico en patio superior, levantamento e colocación de nova visera de cubrición e limpeza e pintado de paredes do patio traseiro e subida a vivenda, sita na rúa Doutor Soage Hermida, 118, baixo, do barrio de Abelendo, de conformidade coa documentación presentada.

O aparellador municipal emitiu informe sobre enmendas á solicitude o día 6 de outubro de 2009, polo que a solicitante foi requirida por oficio con saída do Concello o día 7 de outubro para que enmedase a súa solicitude, no prazo de dez días, e achegase estudo técnico de conservación, oficio de dirección de obras, estudo básico de seguridade e saúde e autorización administrativa da Deputación provincial.

Por escrito con entrada neste Concello o día 19 de outubro de 2009, a solicitante indica, entre outros extremos, que as melloras quere facelas por seguridade e salubridade da súa propiedade e que, respectando a pulcritude técnica dos requirimentos que se lle fixeron, estes suporían un aumento exponencial no gasto real do investimento nas melloras, o que lle faría imposible a súa execución. Achega folla con imaxes do lugar para a súa avaliación e solicita que se lle conceda a licenza para proceder á mellora que precisa o lugar.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 17 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO: OBRAS DEFINIDAS NA SOLICITUDE  
INFORME:**

Por Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establece disposicións mínimas de seguridade e saúde, nas obras de construción, Artigo 2 a) e b) e atendendo o disposto no Anexo.1 relativo a traballos cons risco por caídas de altura en obras de construción, en consonancia co determinado no Artigo 4.2 requirese cumplimentar a elaboración de estudo básico de seguridade e saúde na fase de elaboración de proxecto.

Abondando na cuestión, por definición das NN.SS de Planeamento Municipal, **as obras de reforma e conservación de elementos estruturais teñen a consideración de obra maior.**

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 16,80 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e visto o informe do aparelador municipal, acorda requirille para que subsaane a documentación requirida.

**5.B)** Por escrito con entrada no Concello o día 9 de decembro de 2009, D. Fernando Sotelo Martínez, en representación de Xiannu Tu, expón que solicitaran o día 19 de xullo de 2006 licenza urbanística para acondicionamento de local na rúa Cabanillas nº 62, baixo, e que a propietaria do local faleceu, polo que solicita que deixen sen efecto a solicitud e que se arquive o expediente por falecemento..

Visto o informe do aparelador municipal do día 18 de decembro de 2009, que di:

Acceder a renuncia e arquivo do expediente para licenza urbanística por falecemento cuxo titular resulta ser XIANNU TU, das obras definidas no proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para comercio menor de bazar sito na R/ Ramón Cabanillas, 62-baixo, de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto técnico Humberto Guimeráns Gallego con rexistro de entrada 7664 de 19 de xullo de 2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o arquivo do expediente para licenza urbanística por falecemento cuxo titular é XIANNU TU, das obras definidas no proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para comercio menor de bazar sito na R/ Ramón Cabanillas, 62-baixo, de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto técnico Humberto Guimeráns Gallego con rexistro de entrada 7664 de 19 de xullo de 2006.

**6.- EXECUCIÓN DE SENTENZA 307/2009 DO PROCEDEMENTO  
ABREVIADO 265//09, XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2  
DE PONTEVEDRA**

Vista a **sentenza** 265/09, de data 18/11/09, recaída no procedemento abreviado 265/09, seguido no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra presentado contra o acordo que desestimou a reclamación de 1054,10 euros presentada pola entidade aseguradora CASER Caja de Seguros Reunidos, SA ao Concello, **que falla con estimación o recurso interposto e condena ao Concello ao pagamento á demandante a cantidade de 700 euros,**

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á súa execución e, na súa virtude, recoñecer a obriga de 700,00 euros a Caja de Seguros Reunidos, S.A. Caser, por cumprimento de sentenza xudicial, con cargo a partida 1210 22604 – RC 1972, para o seu posterior pagamento.

## **7.- PROPOSTA DE GASTO**

Vista a proposta de gasto da concelleira de Servizos sociais do 21 de decembro de 2009, que di:

“Un número numeroso de familias deste Concello non teñen recursos para poder facerlle fronte á compra de alimentos básicos nestas festas do Nadal.

Por este motivo o Departamento de Servizos Sociais vese na obriga de equipar a esas familias necesitadas con alimentos básicos e algunhas prendas de vestir para os nenos/as.

O presuposto para esta compra fin é de **3.942,41 € a imputar á partida presupostaria de Servizos Sociais “Axudas de Emerxencia Social”.**

### **PROPÓNSE:**

1º.- Aprobar o gasto dos **3.942,61 €.**

2º.- Proceder ao **libramento a xustificar** dos **3.942,61 €**, a nome da Concelleira de Servizos Sociais, **Libertad Cruz Couso** (achéganse facturas proforma).”

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado para a imputación ao orzamento do importe de 3.942,61 euros con cargo a partida 3130 22 109,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar o gasto de 3.942,61 €.

Segundo: Aprobar o pago a xustificar á Concelleira de Servizos Sociais, Libertad Cruz Couso, por importe de 3.942,61 euros, en concepto de compra de alimentos básicos e algunhas prendas de vestir nestas festas do Nadal, con cargo a partida 3130 22109.

## **8.- PROPOSTAS DE ANULACIÓN DE ACORDOS DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE GASTO**

**8.A)** O concelleiro de Facenda presenta unha proposta de anulación de acordo da Xunta de Goberno do 01.06.09 de autorización e compromiso do gasto para a compra de roupa de traballo para persoal de Policía local por importe de 2.023,04 euros, con cargo á partida 2220 22104, debido a que no departamento de Intervención consta a existencia



de catro facturas emitidas o día 26.10.09 por eses conceptos, Peycar Pontevedra S.L., por importe acumulado de 2.041,60 euros. Do anterior compróbase a execución do gasto por importe superior ao inicialmente proposto e autorizado, compromiso ao que non pode ser imputado o gasto facturado o día 26 de outubro de 2009 por non ser este o obxecto e prezo de contrato autorizado.

Vistos os artigos 54 e 56 do RD 500/1990, de 20 de abril, o concelleiro de Facenda **propón**, co fin de repoñer o crédito comprometido á situación de dispoñible:

**Primeiro:** Anular o acordo da Xunta de Goberno Local do 01 de xuño de 2009 polo que se autoriza e compromete un gasto por importe de 2.023,04 euros con cargo á partida 2220 22104 do orzamento deste concello para o ano 2009 para compra de roupa de traballo persoal da Policía local.

**Segundo:** Rexistrar na contabilidade a anulación do compromiso e da autorización do gasto que se contabilizou con cargo á partida 2220 22104, repoñendo o crédito á situación de dispoñible.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención para os efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

**8.B)** O concelleiro de Facenda presenta unha proposta de anulación de acordo da Xunta de Goberno do 08.06.09 de autorización e compromiso do gasto para a compra de roupa de traballo para persoal de servizos por importe de 2.483,15 euros, con cargo á partida 5110 22104, debido a que no departamento de Intervención consta a existencia de facturas emitidas o día 26.10.09 por eses conceptos, Peycar Pontevedra S.L., por importe acumulado de 2.495,86 euros. Do anterior compróbase a execución do gasto por importe superior ao inicialmente proposto e autorizado, compromiso ao que non pode ser imputado o gasto facturado o día 26 de outubro de 2009 por non ser este o obxecto e prezo de contrato autorizado.

Vistos os artigos 54 e 56 do RD 500/1990, de 20 de abril, o concelleiro de Facenda **propón**, co fin de repoñer o crédito comprometido á situación de dispoñible:

**Primeiro:** Anular o acordo da Xunta de Goberno Local do 08 de xuño de 2009 polo que se autoriza e compromete un gasto por importe de 2.483,15 euros con cargo á partida 5110 22104 do orzamento deste concello para o ano 2009 para compra de roupa de traballo persoal da servizos.

**Segundo:** Rexistrar na contabilidade a anulación do compromiso e da autorización do gasto que se contabilizou con cargo á partida 5110 22104, repoñendo o crédito á situación de dispoñible.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención para os efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

## **9.- PROPOSTAS DE ANULACIÓN DE DOCUMENTOS CONTABLES**

Vista a proposta da Intervención municipal do 18 de decembro de 2009, que di:

Recibida comunicación da empresa Jucons Galaica, S.L. de que a factura número 508 de data 28.02.09 (contabilizada segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2009) quedou anulada a petición de persoal deste Concello, e substituída pola factura número 7013 de data 31.07.09, rexistro de entrada 6132 de data 07 de agosto de 2009, vistos os documentos existentes, **faise a seguinte proposta:**

- 1.- Anular o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de marzo de 2009, polo que se autoriza o gasto (documentos contables A 2009-651-0 e RC 2009-508-0)
- 2.- Anular o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2009, polo que se reconece a obriga a favor de Jucons Galaica SL (documento DO 2009-693-0).
- 3.- Rexistrar na contabilidade a anulación da autorización, disposición-obriga, do gasto que se contabilizou con cargo á partida 5110 62300 por importe de 1917,48 euros, co fin de repoñer o crédito a situación de dispoñible.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

## **10.- GASTOS POR DESPRAZAMENTO DO TENENTE DE ALCALDE**

Vistas as liquidacións presentadas das viaxes realizadas por D. Víctor Pastoriza Lino por asuntos municipais os días 6, 18 e 19 de novembro de 2009, que suman un importe de 128,35 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Recoñecer a obriga dos gastos por desprazamentos en vehículo propio de D. VÍCTOR PASTORIZA LINO, pola cantidade de 128,35 euros con cargo á partida 2009-1110-23100, RC 1934.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Departamento de Intervención.

## **11.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE DISTINTAS FACTURAS.**

Vista a relación de facturas xustificativas de gastos no exercicio 2006 e 2007 pendentes de recoñecemento por importe acumulado de 27.098,65 euros achegadas polo Sr.

Conselleiro de Facenda para a súa aprobación, que consta co informe favorable do interventor do 18 de decembro de 2009,

Vista a delegación de competencias efectuada o día 18 de xuño de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**ÚNICO:** Aprobar mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer as obrigas derivadas da factura nº 07/032 de Aranchabaly, S.L. por 5.567,29 euros en concepto de solera para local da ludoteca, con cargo á partida 3130 62200, e da factura 261166 de COVSA, por 21.531,36 euros en concepto de pavimentación do Camiño da Miranda, con cargo á partida 5110 61108.

## **12.- CERTIFICACIÓN Nº 7 DA OBRA “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 7 da obra “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”, presentada pola empresa COVSA, CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., de data 30 de novembro de 2009, asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

Visto o informe da Intervención Municipal, de data 19 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 19 de decembro de 2009, por entender que os defectos de tramitación sinalados non son subsanables, as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, requirindo a presentación pola adxudicataria de informe sobre a subcontratación previo ao pagamento.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 7 da obra “Humanización do Barrio do Real”, de data 30 de novembro de 2009, polo importe de 79.643,21 €.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 291628, do 30 de novembro de 2009, de COVSA, S.A. polo importe de 79.643,21 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61120.

## **13.- FONDO DE PENSIÓNS 2009**

Visto o informe do Departamento de persoal do 21 de decembro de 2009, que di:

De acordo co establecido no Artigo 24-b do Convenio Colectivo do Persoal Laboral e co Artigo 22.4 da Lei 2/2008 de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2009, e consultado-los cadros retributivos do Persoal Laboral e do Persoal Funcionario resulta que as súas masas salarias distribúense da seguinte maneira.

0,5% A DISTRIBUIR DA MASA SALARIAL  
PARA O FONDO DE PENSIÓNS DO PERSOAL DO CONCELLO

Funcionarios		0,5% S/MASA SALARIAL
MASA SALARIAL	2008	
	1.275.558,18	6.377,79

Laboral		0,5,00% S/MASA SALARIAL
MASA SALARIAL	EXERC. 2008	
	1.236.561,45	6.182,81

**Total cota para exercicio 2009.....12.560,60**

Remítese a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, se procede, o importe de 12.560,60 euros a distribuír entre todo o persoal que se relaciona en táboa anexa

Visto o listado que acompaña a proposta, que recolle os apelidos e nome, DNI do persoal e o importe que se lle achega aos seus fondos de pensións, por unha contía total de 12.560,60 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 12.560,60 euros correspondente ao NOVOPLAN SECTOR PUBLICO-PLAN PENSIÓNS, para que se proceda posteriormente ao seu pagamento a Caixanova-Caser,

Este fondo de pensións está distribuído linealmente entre todo o persoal (Funcionario e Laboral) a razón de 122,84 euros para cada partícipe, a excepción de MARTA COMESAÑA PIÑEIRO, SOLEDAD RIOS SANTOMÉ e ANA ROSA RODRIGUEZ PEREIRA que se lle abonan NOVE MESES por importes de 92,20 euros por mor das súas altas –as dúas primeiras- e xubilación.

Segundo: Dar traslado deste acordo a Intervención Municipal.

#### **14.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE**

D. Julio Manuel Sobral Poceiro, funcionario municipal, solicita un anticipo reintegrable de dúas mensualidades, a devolver en 14 mensualidades. Achega compromiso de devolución en caso de cese de relación estatutaria co Concello.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que este funcionario non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal funcionario dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe do interventor do 18 de decembro de 2009, favorable á concesión dun anticipo a D. Julio Manuel Sobral Poceiro, por importe de 1.421,87 euros (dúas mensualidades calculadas segundo do artigo 47 da Lei 33/2987, do 23 de decembro de 1987), con cargo á partida 1210.83000, por ser a tramitación conforme coa normativa de aplicación,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D. Julio Manuel Sobral Poceiro o anticipo solicitado de dúas mensualidades, por importe de 1.421,87 euros, reintegrables en 14 mensualidades

## **15.- AXUDAS EXTRASANITARIAS A PERSOAL LABORAL DO CONCELLO**

**15.A)** D. Luis Entenza Domínguez solicita axuda extrasanitaria por gastos odontolóxicos e presenta a correspondente documentación e factura por importe de 4.310 euros.

Visto o artigo 25 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña,

Visto o informe favorable do interventor de data 18 de decembro de 2009 para o recoñecemento da obriga desta axuda, a cal estima o seu importe en 600,71 euros, unha vez visto o desglose da factura presentada e os tratamentos aos que se lle pode dar unha axuda e que recolle co seguinte cadro:

Concepto	Gasto xustificado	Porcentaxe de axuda	Axuda
Endodoncias	180,00	100%	180,00
Prótesis bucais	3.930,00	50% ata 420,71 €	420,71
<b>TOTAL</b>	<b>4.110,00</b>		<b>600,71</b>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a axuda para gastos odontolóxicos solicitada, e así recoñecer a obriga por importe de 600,71 euros en concepto de axudas extrasanitarias para D. Luis Entenza Domínguez..

**15.B)** D. Jesús García Trigo solicita axuda extrasanitaria por gastos odontolóxicos para seu fillo, para o que presenta factura por un total de 100 euros, prescrición facultativa, fotocopia do libro de familia, certificado da Seguridade Social, e declaración de non estar desempregado.

Visto o artigo 25 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña,

Visto o informe favorable do interventor de data 18 de decembro de 2009 para o recoñecemento da obriga desta axuda, a cal estima o seu importe en 100,00 euros, unha vez visto o desglose da factura presentada e os tratamentos aos que se lle pode dar unha axuda e que recolle a seguinte táboa:

Concepto	Gasto xustificdo	Porcentaxe	Límite	Axuda
Endodoncia	100,00	100%	100%	100,00

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a axuda para gastos odontolóxicos solicitado por D.Jesús García Trigo para o seu fillo, e así recoñecer a obriga por importe de 100 euros en concepto de axudas extrasanitarias para D.Jesús García Trigo.

## **16.- SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PAGAMENTO DE TRIENIOS RECOÑECIDOS.**

D. Lois Alberte Casás Curro, funcionario municipal expón, por escrito do 3 de decembro de 2009, que nunha revisión da súa nómina mensual detectou que lle falta o pagamento dun trienio do grupo C, e que esta falta comezou no ano 2005. Solicita a inclusión de dito trienio na súa nómina e o pagamento dos atrasos dende a data dende que se deixou de incluír na nómina..

O departamento de persoal informa o día 18 de decembro que, unha vez revisados os antecedentes dos que dispón, efectivamente o sr. Casás vén cobrando un trienio de menos do grupo C dende o día 01/08/2005, e cuantifica a diferenza entre o que cobrou e o que debería ter cobrado en 1.339,28 euros (148,50 € do ano 2005; 352,66 € do ano 2006; 359,80 € do ano 2007; 157,32 € do ano 2008; e 321,00 € do ano 2009). Informa, ademais, que a partir da paga extra de 2009 queda regularizada a súa situación.

O interventor municipal emite informe o 18 de decembro de 2009, no que constata, mediante os datos que obran no expediente, a non inclusión de 1 trienio do grupo C1 dos 3 que ten recoñecidos o funcionario –ademais dos 5 do grupo C2- no pagamento das súas nóminas dende o mes de agosto de 2005. Indica que o artigo 25.1.a) da Lei xeral orzamentaria sobre a prescrición de obrigas das AAPP limita as cantidades que lle poderían ser recoñecidas ao funcionario á data do 3 de decembro de 2005, é dicir, catro anos antes da súa solicitude, polo que diminuíría a contía adebedada do ano 2005 a 24,69 euros (no canto dos 148,50 euros que se recolle no informe do departamento de persoal e que se calculaba dende agosto). Conclúe informando favorablemente o recoñecemento dunha obriga a favor de don Lois Alberte Casás Curro por importe de 1.215,47 euros polo erro na imputación nas súas nóminas mensuais dun trienio do grupo C/C1 con efectos económicos dende o 3 de decembro de 2005.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista o informe do interventor municipal, acorda recoñecer a obra a favor de D. Lois Alberte Casás Curro por importe de 1.215,47 euros para corrixir a omisión de un trienio do grupo C/C1 nas súas nóminas mensuais dende o 3 de decembro de 2005, dado o prazo de prescrición de catro anos que marca a Lei xeral orzamentaria.

## 17.- MODIFICADO DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PARQUES INFANTÍS

Remitido a instancias do Concello o modificado do proxecto *Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e o Casal no Concello de Moaña*, presentado polo enxeñeiro técnico forestal D. César Gómez Liste que non implica variación no importe de execución,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

UNICO: Aprobar o o modificado do proxecto *Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e o Casal no Concello de Moaña*, presentado polo enxeñeiro técnico forestal D. César Gómez Liste, que non implica modificación de importe de execución e que concreta a tipoloxía e ubicación dos elementos instalados.

## 18.- FURANCHOS

D. GERARDO FERNÁNDEZ COSTAS solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 400 litros de viño branco e 300 de tinto de colleita propia, en Broullón, 31 D, no mes de febreiro de 2010. Presenta declaración de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural e ficha de explotación vitícola provincial.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado no mes de febreiro de 2010 e por un período de tres meses, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

## 19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionn a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
COMUNIDADE PROPIETARIOS	Saneamento, uso industrial	O Rosal, 23	Dereitos conexión ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.

EDIF. CHAN DA ARQUINA					
REGINA COSTA	CAO	Saneamiento doméstico	uso	Couso, 97 (Meira)	Saneamento ..... 180 € Aqualia Arqut. Téc. Mun.
PEDRO ARIZAGA	LEITES	Saneamiento doméstico	uso	Isamil, 63 (Meira)	Saneamento ..... 180 € Aqualia Arqut. Téc. Mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:30 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.